




# Programación Xeral Anual

do

**IES de Oroso**



**Curso 2023/2024**

*De acordo ao disposto no Capítulo IV do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria*



## **Índice de contidos**

<b>1. O IES de Oroso .....</b>	<b>4</b>
1.1. Oferta educativa e matrícula .....	4
1.2. Equipo directivo.....	4
1.3. Persoal docente.....	4
1.4. Persoal non docente.....	4
<b>2. Plan Xeral Anual: Obxectivos específicos para o curso 2023/2024 .....</b>	<b>5</b>
2.1. Potenciar a competencia matemática, básicas en ciencia e tecnoloxía e dixital .....	6
<i>Creación do club de ciencia .....</i>	6
2.2. Potenciar as competencias en comunicación lingüística e plurilingüe.....	6
<i>Dinamización da biblioteca .....</i>	6
<i>Potenciación do uso do galego.....</i>	6
<i>Creación de seccións bilingües .....</i>	6
<i>Preparación das probas do DELF escolar do alumnado de francés .....</i>	6
2.3. Potenciar a competencia persoal, social e de aprender a aprender, competencia cidadá, competencia emprendedora e competencia en conciencia e expresións culturais.....	7
<i>Fomentar o coidado e mantemento das instalacións do centro .....</i>	7
<i>Promover a educación para a igualdade, a diversidade e prevención da violencia de xénero .....</i>	7
<i>Consolidación e mellora da convivencia.....</i>	7
<i>Promover a educación para a saúde (mental, sexual, hábitos de vida saudables).....</i>	7
<i>Promover a educación ambiental, consumo responsable e desenvolvemento sostible .....</i>	8
2.4. Potenciar a relación cos centros adscritos .....	8
<i>CEIP Plurilingüe Camiño Inglés e de Sigüeiro.....</i>	8
<i>IES Arcebispo Xelmírez II – Programas nacionais/internacionais.....</i>	8
2.5. Potenciar a relación e comunicación coas familias.....	9
2.6. Potenciar a coordinación entre o persoal do centro.....	9
<i>Coordinación do equipo directivo.....</i>	9
<i>Coordinación das persoas titoras-equipo docente-orientación-equipo directivo.....</i>	9
<i>Coordinación interdepartamental .....</i>	9
<i>Planificación e organización do curso seguinte .....</i>	10
2.7. Potenciar a formación do profesorado.....	10
<i>Afondar nas dúas liñas de actuación do curso pasado .....</i>	10
2.8. Revisión dos documentos do centro .....	10
2.9. Creación de espazos atractivos para o tempo de lecer e atención ás familias.....	11
<b>3. Horario Xeral.....</b>	<b>11</b>
3.1. Horario lectivo .....	11
3.2. Horario da oficina .....	11
3.3. Horario da biblioteca.....	11
3.4. Apertura fóra do horario lectivo.....	11
3.5. Días non lectivos .....	12
3.6. Calendario de avaliacións .....	12
3.7. Horario de verán .....	12
<b>4. Organización de Servizos Complementarios .....</b>	<b>13</b>
4.1. Transporte escolar .....	13
<b>5. Programación de Actividades Complementarias e Extraescolares .....</b>	<b>14</b>
<b>6. Documento de Organización do Centro (DOC) .....</b>	<b>28</b>



<b>7. Programas de Formación do Profesorado (PFPP) .....</b>	<b>28</b>
<b>8. Anexos: Concreción Anual dos Plans e Proxectos do centro .....</b>	<b>28</b>
Anexo I. Programación de actividades para a potenciación do uso do galego .....	28
Anexo II. Proxecto Educativo de Centro (PEC) .....	37
Anexo III. Concreción curricular e programacións didácticas .....	37
Anexo IV. Plan de Atención á Diversidade .....	37
Anexo V. Plan de Convivencia e Normas de Organización e Funcionamento do Centro (NOFC) .....	37
Anexo VI. Plan de Acción Titorial (PAT) .....	38
Anexo VII. Plan de integración das TIC e plan dixital .....	38
Anexo VIII. Plan de igualdade e diversidade .....	39
Anexo IX. Proxecto Lector, Plan Anual de Lectura e Biblioteca Escolar .....	40
Anexo X. Normas de uso da biblioteca .....	48

## 1. O IES de Oroso

O IES de Oroso, créase no ano 1999 na **localidade de Sigüeiro**, no Concello de Oroso, próximo aos Concellos de Santiago de Compostela e de Ordes. **O centro adscrito** para cursar estudos de bacharelato é o **IES Arcebispo Xelmírez II**, ubicado en Santiago de Compostela, mentres que o alumnado que recibe o centro provén fundamentalmente dos colexios situados en Sigüeiro con adscrición ao IES de Oroso (**CEIP Plurilingüe do Camiño Inglés e CEIP Plurilingüe de Sigüeiro**).

### 1.1. Oferta educativa e matrícula

- No IES de Oroso impártese a Educación Secundaria Obrigatoria.
- O alumnado matriculado ascende a 267, co seguinte reparto:

Curso	Alumnado
1º ESO	78
2º ESO	58
3º ESO	70
4º ESO	61

### 1.2. Equipo directivo

Director: Jorge Otero Fraga

Secretario: Andrés López Fontán

Xefa de estudos: María Encarnación Iglesias Calvo

### 1.3. Persoal docente

O cupo de profesorado mantense igual ca o curso pasado, constando de:

- 24 PES (23 prazas docentes e 1 praza de Orientación)
- 1 profesora de Pedagogía Terapéutica
- 1 profesora de Relixión (itinerante)

Sumando un total de 26 persoas na composición do Claustro, das que:

- 21 teñen destino definitivo no centro
- 4 con destino provisional (3 en expectativa de destino, 1 en situación de interinidade)
- 1 en comisión de servizos

### 1.4. Persoal non docente

O cadro de persoal non docente componse de:

- Administrativa: 1
- Conserxe: 1
- Persoal de limpeza: 2



## 2. Plan Xeral Anual: Obxectivos específicos para o curso 2023/2024

---

O presente plan pretende dar resposta ás necesidades do IES de Oroso para o curso 2023/2024 atendendo, por unha banda ás **características do centro** e, por outra, aos **principios xerais dispostos no Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da ESO na Comunidade Autónoma de Galicia**. Así, **propóñense**:

- A. Obxectivos pedagóxicos,
- B. Obxectivos de comunicación e relación social,
- C. Obxectivos de organización e xestión,
- D. Obxectivos de revisión da documentación,
- E. Obxectivos de recursos materiais.

Mediante estes obxectivos preténdese acadar respectivamente:

- A. Unha **aprendizaxe significativa que conduza ao éxito escolar de todo o alumnado** mediante a potenciación das Competencias Clave e baseada nos principios de atención á diversidade, igualdade entre mulleres e homes, non discriminación, prevención da violencia de xénero, convivencia, saúde e desenvolvemento sostible.
- B. Unha **comunicación máis fluída cos centros adscritos e coas familias**, perseguindo así a involucración destas últimas na vida do centro (Consello Escolar, ANPA, ...).
- C. Unha **maior coordinación entre o persoal do centro** que repercute nunha mellor organización e de resposta ás necesidades do alumnado.
- D. A **actualización** á normativa vixente **dos documentos do centro**.
- E. **Facer do IES un lugar acolledor e adaptado á sociedade actual**.

**A. Obxectivos pedagóxicos**

<b>2.1. Potenciar a competencia matemática, básicas en ciencia e tecnoloxía e dixital</b>	
<b>Medidas</b>	<p><i>Creación do club de ciencia</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolvemento de actividades científicas os mércores ao mediodía ou nos recreos</li> <li>- Realización de charlas de profesionais do eido universitario e/ou industrial</li> </ul>
<b>Responsables</b>	Equipo directivo, departamentos do ámbito científico-tecnolóxico e matemático
<b>Recursos</b>	Laboratorio, taller, biblioteca, Plan dixital, programa club de ciencia, CP innova, Programa EduTecEmprende, Polos creativos, Programa USC-ensino medio
<b>Temporalización</b>	Ao longo de todo o curso escolar

<b>2.2. Potenciar as competencias en comunicación lingüística e plurilingüe</b>	
<b>Medidas</b>	<p><i>Dinamización da biblioteca</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Creación dun club de lectura</li> <li>- Enquisa de intereses do alumnado para a adquisición de novos exemplares para incentivar a lectura</li> </ul> <p><i>Potenciación do uso do galego</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Emprego do galego na vida diaria do centro (relacións, tarefas administrativas e/ou informativas, páxina web, ...)</li> <li>- Emprego do galego para as celebracións e conmemoracións durante o curso</li> <li>- Uso do galego nas actividades da biblioteca</li> <li>- Fomento da lectura en galego</li> <li>- O galego como lingua vehicular no club de ciencia</li> </ul> <p><i>Creación de seccións bilingües</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Sondaxe ao alumnado sobre a creación de seccións bilingües</li> </ul> <p><i>Preparación das probas do DELF escolar do alumnado de francés</i></p>
<b>Responsables</b>	Equipo Directivo, Equipo de Biblioteca, Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG), Departamentos Didácticos
<b>Recursos</b>	Biblioteca, Proxecto Lingüístico, Proxecto Lector, club de ciencia, páxina web do IES de Oroso, Aula Virtual do IES de Oroso
<b>Temporalización</b>	Ao longo de todo o curso escolar



**2.3. Potenciar a competencia persoal, social e de aprender a aprender, competencia cidadá, competencia emprendedora e competencia en conciencia e expresións culturais**

**Medidas**

***Fomentar o coidado e mantemento das instalacións do centro***

- Reunión informativa ao inicio de curso co alumnado por nivel para explicar as NOFC
- Medidas correctoras ás faltas de conduta que repercutan na mellora das instalacións do centro (recollida de papeis, limpeza mobiliario, plantación de árbores, ...)

***Promover a educación para a igualdade, a diversidade e prevención da violencia de xénero***

- Temática do Proxecto Competencial en todos os niveis
- Continuación do grupo de diversidade
- Continuar coas actividades en curso (xénero e igualdade, sexualidade e relacións coercitivas, diversidade cultural....) desenvolvidas polo Dpto. de Orientación en colaboración con entidades externas
- Distribución equitativa grupos alumnado
- Fomento da participación de alumnas en actividades e deportivas e/ ou científico-tecnolóxicas (club de ciencia)
- Participación nos programas das universidades ou outros similares que promovan a presenza mulleres no eido científico-tecnolóxico

***Consolidación e mellora da convivencia***

- Continuar coas actividades en curso (acoso escolar, resolución de conflitos, uso responsable das novas tecnoloxías, ...) desenvolvidas polo Dpto. de Orientación en colaboración con entidades externas
- Explicación ao inicio de curso dos dereitos e tamén dos deberes ao alumnado (NOFC)

***Promover a educación para a saúde (mental, sexual, hábitos de vida saudables)***

- Continuar coas actividades en curso (adolescencia e cambios corporais, imaxe corporal e autoestima, sexualidade responsable, saúde mental, prevención de drogas, ...) desenvolvidas polo dpto. de Orientación en colaboración con entidades externas
- Promover a práctica de exercicio diario: competicións deportivas



	<p><i>Promover a educación ambiental, consumo responsable e desenvolvemento sostible</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Reparto de contedores de reciclaxe nas instalacións do centro</li> <li>- Creación da hora da reciclaxe no horario de titoría de cada grupo, que se encargará de vaciar os contedores do centro nos situados no exterior</li> <li>-Continuar coas charlas de desenvolvemento sostible e promover outras iniciativas relacionadas coa temática (consumo responsable, ...)</li> </ul>
<b>Responsables</b>	Equipo directivo, Dpto. de Orientación, persoas titoras, Claustro, persoal non docente
<b>Recursos</b>	Plan de Acción Titorial, Plan de Convivencia, Plans Proxecta: donas de sí, 365 de igualdade, proxectos de vida activa e deportiva, Programa móvete + (Galicia Saudable), Concello de Oroso, IGAXES, programas das universidades “mulleres na ciencia”, Mancomunidade de Ordes, iniciativas ecoembes, Andaina, IGAXES, Proxecto Educativo de Centro
<b>Temporalización</b>	Ao longo de todo o curso escolar

## B. Obxectivos de comunicación e relación social

<b>2.4. Potenciar a relación cos centros adscritos</b>	
<b>Medidas</b>	<p><i>CEIP Plurilingüe Camiño Inglés e de Sigüeiro</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Realización de xornadas de acollida ao alumnado de 6º de Primaria dos CEIP adscritos</li> <li>- Visita ás actividades desenvolvidas no IES de Oroso por parte de alumnado dos centros adscritos</li> <li>- Reforzar as relacións entre os Dptos. de Orientación CEIP-IES Oroso-IES Xelmírez II (detección de necesidades educativas e toma de decisións: agrupamentos, reforzos, adaptacións curriculares, ...)</li> </ul> <p><i>IES Arcebispo Xelmírez II – Programas nacionais/internacionais</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Realización de proxectos conxuntos ou en colaboración entre IES de Oroso-IES A. Xelmírez II (club de ciencia, intercambios de alumnado a nivel nacional ou europeo)</li> </ul>
<b>Responsables</b>	Equipo directivo, departamento de Orientación e de Actividades Complementarias e Extraescolares, Claustro, Consello Escolar
<b>Recursos</b>	Erasmus +, a caixa sostible (FECYT), Concello de Oroso, Concello de Santiago
<b>Temporalización</b>	Xornadas de acollida alumnado de primaria no mes de maio





	<p>Actividades ao longo do curso escolar</p> <p>Reunións equipos directivos dos IES ao longo do curso</p>
--	---

## 2.5. Potenciar a relación e comunicación coas familias

<b>Medidas</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Reunión informativa ao inicio do curso (NOFC, metodoloxía, explicacións funcionamento do abalar, do centro, da ANPA, Consello Escolar, ...)</li> <li>- Potenciación do abalar como ferramenta de comunicación familia-persoa titora/profesorado</li> <li>- Uso de abalar para notificacións do centro (cualificacións, eventos, días non lectivos, ...)</li> <li>- Emprego da páxina web do centro para dar visibilidade ás actividades realizadas no centro e información relevante (calendario de admisión, matrícula, bolsas, ...)</li> </ul>
<b>Responsables</b>	Equipo directivo, persoas titoras, claustro
<b>Recursos</b>	Plan dixital, abalar, páxina web IES de Oroso, PEC
<b>Temporalización</b>	Ao longo de todo o curso

### C. Obxectivos de organización e xestión

## 2.6. Potenciar a coordinación entre o persoal do centro

<b>Medidas</b>	<p><b>Coordinación do equipo directivo</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Reunións diarias de corta duración para a organización e/ou resolución de calquera problemática que poida xurdir</li> <li>- Reunións semanais de 2 sesións lectivas de duración, para unha análise máis extensa</li> </ul> <p><b>Coordinación das persoas titoras-equipos docente-orientación-equipos directivos</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Reunión informativa ao inicio de curso do Dpto. de Orientación co equipo docente de cada grupo (necesidades educativas do alumnado, medidas de atención á diversidade aplicadas no pasado, toma de decisións, ...)</li> <li>- Reunións mensuais por nivel educativo das persoas titoras coa orientadora e o equipo directivo, coa asistencia da profesora de PT cando sexa preciso.</li> <li>- Actualizar o curso na Aula Virtual con materiais para as sesións de tutorías</li> <li>- Informar ao claustro das convocatorias, programas, resolucións... de interese empregando o correo do IES</li> </ul> <p><b>Coordinación interdepartamental</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Programación de Actividades Complementarias e Extraescolares</li> </ul>
----------------	---



	<p>- Creación de grupos de traballo para a conmemoración de xornadas, datas relevantes, temas de actualidade, ...</p> <p><b>Planificación e organización do curso seguinte</b></p> <p>- Redeseño dos itinerarios de 4º ESO (LOMLOE)</p> <p>- Distribución do alumnado en base aos criterios pedagóxicos (atender ás recomendacións dos Dptos. de Orientación dos CEIP e IES de Oroso de atención á diversidade, necesidade de agrupamentos, ...) e petición do cupo de profesorado en consecuencia</p> <p>- Distribución do alumnado respectando a paridade alumnas/alumnos</p>
<b>Responsables</b>	Equipo directivo, Departamento de Orientación, persoas titoras, claustro
<b>Recursos</b>	Plan de Acción Titorial, Plan de Atención á Diversidade, Informes individualizados, Consellos Orientadores, informes Dpto. de Orientación, normativa (LOMLOE, Resolución pola que se ditan instrucións para o inicio de curso, ...)
<b>Temporalización</b>	Ao longo de todo o curso escolar coa periodicidade sinalada

## 2.7. Potenciar a formación do profesorado

<b>Medidas</b>	<p><i>Afondar nas dúas liñas de actuación do curso pasado</i></p> <p>-Plan dixital</p> <p>- Recursos para a acción titorial</p>
<b>Responsables</b>	Equipo directivo, Claustro
<b>Recursos</b>	PFPP, grupos de traballo
<b>Temporalización</b>	Ao longo de todo o curso escolar

## D. Obxectivos de revisión da documentación

### 2.8. Revisión dos documentos do centro

<b>Medidas</b>	<p><i>Revisión, actualización ou creación dos seguintes plans e proxectos:</i></p> <p>- Proxecto Lingüístico</p> <p>- Proxecto Lector</p> <p>- Plan Xeral de Atención á Diversidade</p> <p>- Plan Xeral de Igualdade</p> <p>- Plan de Convivencia</p> <p>- Normas de Organización e Funcionamento do Centro (NOFC)</p> <p>- Plan de Acción Titorial</p>
----------------	---



	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <i>Plan Dixital</i></li> <li>- <i>Concreción curricular (adaptación á LOMLOE nos cursos pares)</i></li> <li>- <i>Proxecto Educativo de Centro</i></li> </ul>
<b>Responsables</b>	Equipo directivo, Dpto. de Orientación, CCP, Claustro, Consello Escolar
<b>Recursos</b>	Documentos do centro anteriores, normativa vixente, PFPP
<b>Temporalización</b>	Ao longo de todo o curso

#### E. Obxectivos de recursos materiais

<b>2.9. Creación de espazos atractivos para o tempo de lecer e atención ás familias</b>	
<b>Medidas</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <i>Acondicionamento do obradoiro de AL para atención ás familias</i></li> <li>- <i>Revisión do material das TIC</i></li> <li>- <i>Adquisición de mobiliario modular para os espazos comúns</i></li> <li>- <i>Adquisición de xogos grupais (xadrez, xogos de construción de madeira, xogos de construción magnéticos, kits de electrónica)</i></li> </ul>
<b>Responsables</b>	Equipo directivo, Departamentos Didácticos
<b>Recursos</b>	Polos creativos, orzamento do centro, CP innova
<b>Temporalización</b>	Ao longo de todo o curso escolar

### **3. Horario Xeral**

#### **3.1. Horario lectivo**

- De luns a venres, de 8:30 h a 14:10 h.
- Adicionalmente, os mércores de 16:30 h a 18:10 h.
- Luns, martes, xoves e venres impártense 6 períodos lectivos de 50 minutos, con 2 recreos de 20 minutos cada un: ás 10:10 h e as 12:10 h.
- Os mércores impártense 8 períodos lectivos de 50 minutos, con 2 recreos de 20 minutos cada un: ás 10:10 h e as 12:10 h.

#### **3.2. Horario da oficina**

- De luns a venres, de 9:00 h a 14:00 h.

#### **3.3. Horario da biblioteca**

- De luns a venres, de 10:10 a 10:30 h e de 12:10 h a 12:30 h.

#### **3.4. Apertura fóra do horario lectivo**

- O centro non permanece aberto fóra do horario lectivo.



- Non obstante, grazas á renovación do convenio existente entre o Concello de Oroso e o IES de Oroso, usarase o pavillón do centro para desenvolver as actividades indicadas na seguinte táboa:



<b>XIMNASIO IES OROSO</b>					
<b>SETEMBRO 2023 - XUÑO 2024</b>					
<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>	<b>SÁBADO</b>
<b>XIMN RÍTMICA</b> 16:00 a 19:30	<b>XIMN RÍTMICA</b> 16:00 a 19:00		<b>XIMN RÍTMICA</b> 16:00 a 19:00	<b>XIMN RÍTMICA</b> 16:00 a 18:30	
		<b>BALONCESTO</b> 18:30 a 20:30		<b>BALONCESTO</b> 18:30 a 20:30	

### 3.5. Días non lectivos

Ademais das datas establecidas na *Orde do 3 de maio de 2023*, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, os días non lectivos de libre disposición do centro, propostos polo Claustro e ratificados polo Consello Escolar, son os seguintes:

- 13 de Outubro de 2023
- 20 de Maio de 2024

### 3.6. Calendario de avaliacións

- Avaliación inicial: 9 - 10 de Outubro
- 1ª Avaliación: 18 - 19 de Decembro
- 2ª Avaliación: 19 - 21 de Marzo
- 3ª Avaliación/final: a partir do 21 de Xuño

### 3.7. Horario de verán

- En xullo: de luns a venres, de 9:00 h a 13:00 h
- En agosto: de luns a venres, de 11:00 h a 12:00 h (atención telefónica, en caso de urxencia)



## 4. Organización de Servizos Complementarios

### 4.1. Transporte escolar

O número de alumnado transportado é de 138, distribuído do seguinte xeito:

Itinerario	Alumnado
1.- Torre 1 - Recouso	7
2.- Portiño - Igrexa Oroso	58
3.- Urb. Porto Avieira - Vilarello	44
4.- Os Carballos - Piñeiro	25
5.- Couso - Cardama 1	4

**Itinerario 1 (Torre 1 - Recouso):** Gadamil, Torre 1, Torre 2, Ardrís, Meimixe Cruce, Calvente, Sar, Cabanas, Cachopal, Igrexario, San Juan 1, San Román de Arriba, Cas, Bran, Cobelo, Igrexa Marcoa, Escola Marcoa, Grela, Castro e Recouso.

**Itinerario 2 (Portiño - Igrexa Oroso):** Portiño, Estación de Vilacide, Vilacide, Vilanova, Alto Vilanova, Ponte autopista, Cruce, Oroso Pequeno 1, Berdomás, Oroso Pequeno 2, O Cano de Vilanova, Igrexa Oroso, Villalbarro e Alto de Vilanova.

**Itinerario 3 (Urb. Porto Avieira - Vilarello):** Escola Gándara, Porto Avieira, Piñeirón, Carollo 1, Carollo 2, Gándara, Falmega 1, Falmega 2, Falmega 3, Villarromariz, e Vilarello.

**Itinerario 4 (Os Carballos - Piñeiro):** Alto Vilanova, Tarruxo, Os Carballos, Bouzalonga, Baxoia, Cruce, Vilar de Arriba, Campo de fútbol, Empalme, Esquipa, Igrexa, Rial, Estación de Trasmonte, Capela de San Roman, Fafián, Piñeiro, A Polveira, Costa, e Varelas.

**Itinerario 5 (Couso - Cardama 1):** Curro, Couso, Vilaes, Regueiro, Revolta, Curros, Igrexa Senra, Xabel, Viñan, Cárdama e Eirís.



## 5. Programación de Actividades Complementarias e Extraescolares

---

IES OROSO

PROGRAMACIÓN ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

CURSO 2023 - 2024



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
IES DE OROSO



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

# PROGRAMACIÓN ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

## CURSO 2023 – 2024

## 1. Introducción

---

### 1.1 Un novo curso.

A presente programación recolle as distintas actividades propostas polos departamentos do IES de Oroso a desenvolver durante o **curso 2023-2024** coa fin de traballar os contidos das materias dunha forma extensa e transversal. Intentaranse desenvolver todas as actividades aquí presentadas, sempre entendendo que esta programación é flexible e que, polo tanto, pode sufrir modificacións, sempre co obxectivo de beneficiar o desenvolvemento do alumnado.

Nesta programación recóllense conferencias, obradoiros e saídas, mentres que as actividades que se desenvolvan como parte de celebración de distintas efemérides serán recollidas na memoria.

## 2. Obxetivos.

---

- Colaborar con diferentes axentes relacionados co centro (profesorado, departamentos didácticos, departamento de orientación, equipo de dinamización da lingua galega, biblioteca, equipo directivo, xunta de delegados, ANPA, concello de Oroso e asociacións culturais ou outras institucións ou organismos públicos) no desenvolvemento daquelas actividades que se considere que contribúan ó desenvolvemento integral do alumnado e, por ende, que favorezan o desenvolvemento de valores de respecto, valoración do propio, tolerancia e participación democrática.
- Promover e potenciar a realización de actividades de carácter interdisciplinar seguindo as directrices da comisión de coordinación pedagóxica.
- Participar nas conmemoracións recollidas no calendario escolar, así como naquelas outras que estean relacionadas coa cultura galega (Día de Rosalía) ou de fomento da lectura.
- Cooperar e facilitar a viaxe de fin de estudos dirixida a alumnos/as que finalizan os seus estudos no noso centro educativo e participar, xunto co equipo de dinamización da lingua galega, no acto de graduación deste alumnado.
- Recoller e seleccionar diferentes actividades que poidan ser de interese para o noso centro e comunicar a información ás persoas interesadas.
- Acoller e canalizar as iniciativas dos distintos sectores da comunidade educativa.
- Xestionar a información facilitada para que o alumnado con dificultades económicas ou Atención á diversidade, co fin de que participen nas distintas actividades.
- Contribuír ao desenvolvemento de actitudes positivas cara á convivencia: respecto aos dereitos dos demais, motivación e respecto polo traballo colectivo, asunción de responsabilidades individuais e colectivas e participación activa no propio proceso de aprendizaxe.
- Promover aquelas actividades que afonden e valoren as características da nosa cultura, dentro do respecto á multiculturalidade.
- Elaborar un protocolo de medidas para a realización de actividades extraescolares nunha situación extraordinaria, por mor da situación provocada polo COVID 19 e que poida xurdir non sucesivos cursos.
- Elaborar un documento único que recolla todos os aspectos referentes ás actividades complementaria e extraescolares, e poñelo a disposición da comunidade educativa.

### 3. Actividades complementarias dos departamentos para este curso.

#### 3.1. Actividades propostas polo conxunto de departamentos docentes.

Como proposta para este novo curso plantease a posibilidade de concretar unha data conxunta para unha posible actividade extraescolar dun día de duración e conxunta a todos os niveis o último mércores do curso escolar.

Sempre que se prepare con antelación e o alumnado interesado sexa suficiente, poderá realizarse calquera outra saída ou actividade de interese que poida xurdir ao longo do curso trala aprobación do equipo docente e directivo.

- DEPARTAMENTO: **Ciencias da Natureza.**

TRIM.	1º ESO	3º ESO	4º ESO
1º			
2º	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Plantación de árbores</li> </ul>		
		Charla sobre doazón de órganos (ALCER Coruña).	
3º	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Celebración do día/semana da ciencia (Lugar: IES de Oroso).</li> </ul>		
	Visita ao parque natural e praia das dunas de Corrubedo, dolmen de Axeitos.	Obradoiros sobre sexualidade (Asociación "Quérote +").	
S/D	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades no Centro educativo para conmemorar o día da muller e a nena na ciencia.</li> </ul>		
	Saídas a pé pola contorna próxima.	Visita a museos científicos.	Visita a Sotavento.  Colaboración cos outros departamentos de Ciencias e con Orientación na organización de charlas ofertadas polas universidades.

- DEPARTAMENTO: **Educación Física.**

TRIM.	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
1º	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Excursión de actividades na natureza (casttering, barranquismo ou senderismo)</li> <li>• Saída á pista de xeo de Santiago de Compostela.</li> </ul>			
2º		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Excursión para practicar actividades físicas na natureza.</li> <li>• Obradoiros de coidado do medio ambiente.</li> </ul>		
		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Carreira de orientación.</li> </ul>		
S/D	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividade de senderismo</li> </ul>			
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividade (estimada de 3 días) fomentar o coñecemento do entorno, coidado da natureza e participación en actividades físicas saudables e traballo en grupo-cooperación.</li> </ul>			



- DEPARTAMENTO: **Educación Plástica.**

TRIM.	1º ESO	3º ESO	4º ESO
1º		A Banda deseñada (dep. Lingua Castelá)	Charlas e masterclass de Artistas-Arquitecto-Deseñador...
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Concurso de Postais de Nadal (Dep. de Francés)</li> </ul>		
2º		Charlas e masterclass de Artistas-Arquitecto-Deseñador...	Charlas e masterclass de Artistas-Arquitecto-Deseñador...
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Visita Exposición artística-diseño en Coruña-Santiago-Vigo-Lugo-Ourese</li> </ul>		
3º	Taller reciclaxe de papel.	Taller de acuarela con artista visitante.	Taller de acuarela con artista visitante.
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Mural colectivo no IES Oroso (Dep. Diversidade)</li> <li>• Graffiti Stencil Mulleres Galegas no IES Oroso</li> </ul>		
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Viaxe (duración aprox. 2/3 noites) co alumnado de Expresión Artística á cidade de O Porto para coñecer a Arquitectura/Deseño/Arte. (Datas aprox*Semana 18 marzo)</li> </ul>		
S/D		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Creación de proxecto de diseño para financiación das actividades extraescolares (diseño de bolsas, camisetas...)</li> </ul>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Participación en certames artísticos e concursos relacionados coa materia.</li> </ul>		

- DEPARTAMENTO: **Física e Química.**

TRIM.	2º ESO	3º ESO	4º ESO
1º	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades para conmemorar o Día da Ciencia en Galego</li> </ul>		
2º	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Día da Muller e a Nena na Ciencia. (Departamento Normalización)</li> </ul>		
3º			
S/D	Visita a Museos Científicos/Parques Tecnolóxicos.	Visita a Museos Científicos/Parques Tecnolóxicos	Visita ó Parque eólico de Sotavento.
	Actividades sobre educación ambiental organizadas polo CEIDA (charla e obradoiro no centro educativo).		Charlas/obradoiros ofertadas polas universidades. En colaboración co departamento de Orientación.
	Participación no club de ciencia no IES durante o curso, e celebración de un día/semana da ciencia na que se expoñan os proxectos realizados polo alumnado (maio/xuño)		

- DEPARTAMENTO: **Francés.**

TRIM.	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
1º	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Concurso de Postais de Nadal. (Departamento de Edu. Plástica)</li> </ul>			
2º	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Lecturas dramatizadas de textos literarios francófonos. Realizaranse na aula na semana do 15 ao 19 de abril. Grabarase en video e subirase á web do instituto.</li> <li>• Exposición “Le petit Prince” nos corredores do instituto: paneis informativos e anacos da obra de Saint Exupéry en varias linguas. Todos os cursos da eso (posible visita do alumnado de sexto de primaria dos centros adscritos). A partires do 11 de abril ata finais de mes a ser posible.</li> </ul>			
3º	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Concurso de Cociña. Elaboración dun video explicativo e Póster con fotografías da elaboración dunha receita da cociña francesa ou francófona. 3 premios. Degustación dos mesmo se a situación sanitaria o permite. A partires do 5 de xuño. Resolución a partires do 19 de xuño. Degustación no centro, a ser posible, das receitas gañadoras.</li> </ul>			
S/D		- Visionado dunha película en francés á Sala Númax.		Visionado dunha película en francés á Sala Númax.
				Viaxe a París coa profesora de francés e acompañante.(1-7 de abril)

- DEPARTAMENTO: **Inglés.**

TRIM.	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
1º			Culture Classes no centro por editorial Burlington. (20/09/23. 16:30-18:10)	
2º				
3º				
S/D	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Celebración de datas clave nas culturas anglosaxonas (e.g. Halloween, St Valentine’s Day).</li> <li>• Representación teatral/ou película en inglés (v.o.) en función da oferta existente.</li> </ul>			

- DEPARTAMENTO: **Lingua e Literatura Castelá.**

TRIM.	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
1º			Obra teatral, “Relato para un incendio”, no Anfiteatro do Concello de Oroso.	
2º	Espectáculo didáctico Ahora mismitos  Visita á Casa-Museo de Rosalía de Castro (LGL)			
3º		Participación no certame Jóvenes talentos de relato corto (Patrocinado por Coca-cola)	Representación de El Perro del Hortelano (cancelado)  Espectáculo didáctico Ahora mismitos	Representación de La casa de Bernarda Alba.  Visita á Casa-Museo de Emilia Pardo-Bazán e á sede da Real Academia Galega (LGL)
S/D	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Vistia a Santiago de Compostela e outras cidades ou lugares de interese motivadas por interese Literario ou roteiros literarios.</li> <li>• Asistencia a estreas cinematográficas e/ou teatrais.</li> <li>• En xeral, proporanse distintas saídas didácticas relacionadas cos contidos da materia: teatro, cine, roteiros...</li> </ul>			

• DEPARTAMENTO: **Lingua e Literatura Galega.**

TRIM.	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
1º				
2º				
3º	<ul style="list-style-type: none"> <li>• En maio (data por concretar) saída a Santiago ao Correlingua.</li> <li>• Cadea humana pola lingua galega no mes de maio no exterior do IES Oroso.</li> </ul>			
S/D	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Saída á vila de Celanova en Ourense (p.e.: Dep. Historia e Xeografía).</li> <li>• Saída a Santiago en colaboración con Lengua para roteiros literarios.</li> <li>• Conferencias de escritores no IES Oroso.</li> <li>• Obradoiro sobre música e lingua medieval galega no IES Oroso.</li> </ul>			

• DEPARTAMENTO: **Matemáticas.**

TRIM.	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
1º				
2º				
3º				
S/D	<p>“Proxecto ESTALMAT” organizado pola Facultade de Matemáticas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• “Canguro Matemático”, organizado pola Asociación Canguro Matemático.</li> <li>• Olimpíada Matemática organizada por AGAPEMA.</li> <li>• Participación nas actividades organizadas con motivo do “Día internacional da muller e a nena na ciencia” e a “Semana da ciencia en Galego” xunto cos departamentos de Ciencias, Física e Química, Bioloxía e o Equipo de Normalización Lingüística.</li> <li>• Realización dunha “Ruta Matemática”.</li> <li>• Calquera outra actividade que xurda durante o curso e sexa considerada interesante polos membros do departamento.</li> <li>• Na medida das nosas posibilidades colaboraremos coas propostas do centro ou doutros departamentos.</li> </ul>			

• DEPARTAMENTO: **Música.**

TRIM.	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
1º				
2º				
3º				
S/D			<ul style="list-style-type: none"> <li>• Taller musical con músico experto visitante</li> </ul>	
		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Musical sobre a obra de Grease.</li> </ul>		

• DEPARTAMENTO: **Proxecto Competencial.**

TRIM.	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
1º			31 DE OUTUBRO: obra de teatro Golfa "A Fundación Abanca" en colaboración con diversos departamentos ou grupos de traballo (Galego, Oratoria, Diversidade, etc...)	
2º				
3º				
S/D	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CHARLA do CIM DE ORDES. (Actividade no centro)</li> <li>• CHARLA/OBRADOIRO Centro Quérote + de Santiago. (Actividade no centro)</li> <li>• actividades contra A LGBT-Fobia e de sensibilización sobre a diversidade afectivo sexual</li> <li>• actividades para a divulgación da diversidade funcional e outras diversidade (neurodivexencias, capacidades diferentes...) (Actividade no centro)</li> </ul>			

• DEPARTAMENTO: **Relixión.**

TRIM.	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
1º	Visitas aos Beléns (dos posibles destacar: o de Betanzos e Begonte, Conxo e Valga...)			
2º				
3º				
S/D	Visita ao Mosteiro de Caaveiro.		Visita ao Mosteiro de Monfero.	Recorrido polos tellados da Catedral de Santiago Museo da terra Santa en San Francisco.
S/D	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Pequeno percorrido do Camiño de Santiago e visita á Catedral.</li> <li>• Visita ao CEE Manuel López Navalón en Nadal ou datas sinaladas.</li> <li>• Visionado de películas relacionadas cos contidos da materiais</li> <li>• Visitas en xeral a lugares e sitios de interese relixioso e que teñan que ver cos temas traballados na aula como visita á cociña económica, Cotoleño, Albergue Xoán XXIII, Proxecto Home, Dominicás de Belvís e Carmelitas Descalzas...</li> <li>• Visita a termas de Galicia.</li> </ul>			

• DEPARTAMENTO: **Tecnoloxía.**

TRIM.	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
1º				
2º				
3º				
S/D	Visita a Feiras/eventos relacionados coa materia.		Actividade no centro relacionado coas novas tecnoloxías e promovidas pola Consellería/universidades (charlas/obradoiros tamén en función da oferta)	

• DEPARTAMENTO: **Xeografía e Historia. Economía e Emprendemento**

TRIM.	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
1º	Salida al Castillo de Vimianzo, Dolmen de Dombate y Castro de Borneiro	Visita á cidade de Santiago de Compostela.	Charla dunha arqueóloga	
2º			Visita a Ferrol, para ver a pegada da Ilustración no seu urbanismo e o papel do sector industrial máis recente.	
3º	Saída a Lugo: Casa dos Mosaicos, Porta Miñá e Casa do Mitreo, Muralla de Lugo e Castro de Viladonga.		Visita a Vigo, para ver o papel da industria no desenvolvemento desta cidade.	
S/D		Visita a Celanova: Monasterio de San Salvador, Capilla mozárabe de San Miguel, Casa dos Poetas. Vilanova dos Infantes. (coordinada con el Dep. de Galego).		Viaxe fin curso a Londres. Viaxe a cidade de Londres con múltiples actividades culturais.

• DEPARTAMENTO: **Economía e Emprendemento.**

TRIM.	4º ESO
1º	Participación na mostra de cinema etnográfico do Museo do Pobo Galego, no programa MICE Escola
2º	Participación na mostra de cinema etnográfico do Museo do Pobo Galego, no programa MICE Escola
3º	
S/D	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Visitas a proxectos que poidan estar dentro do ámbito do emprendemento.</li> </ul>

• DEPARTAMENTO: **Valores Éticos.**

TRIM.	3º ESO
1º	
2º	
3º	
S/D	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Falamos da escola</b> ou <b>Fálame de emigración</b> (Afundación).</li> <li>• Obra de teatro <b>Golfa</b> (Afundación).</li> <li>• <b>O espello de Claude. Fotografía e identidade</b> (Afundación)</li> <li>• <b>Proxección dunha película en Numax</b> relacionada con algúns dos contidos ou elementos traballados.</li> </ul>

### 3.2. Actividades do departamento de Orientación.

Pola súa labor e implicación tanto na totalidade do centro coma a súa implicación en cada un dos niveis xunto ao conxunto de actividades complementarias á acción titorial, destacamos nun apartado propio as actividades propostas polo departamento de Orientación.

- CURSO: 1º ESO

ACTIVIDADE	OBXECTIVOS	TEMPO- RALIZA- CIÓN	ORGANIZACIÓN	OBSERVACIÓNS
<b>ACOSO ESCOLAR</b>	Informar sobre as implicacións do acoso escolar. Previr situacións de acoso presencial e a través das redes.	2º trimestre	Orientadora Plan Director para a mellora da convivencia...	Unha sesión de 50 minutos por curso.
<b>RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS (IGAXES)</b>	Dotar ó alumnado das ferramentas necesarias para resolver os conflitos de maneira efectiva e positiva.	1º trimestre	Orientadora en colaboración con Servizos Sociais e IGAXES	Catro sesións por aula .
<b>XÉNERO E IGUALDADE</b>	Promover a igualdade de xénero no centro educativo a partir da identificación e análise de conflitos cotiáns e globais.	Sen determinar	Orientadora e Movemento pola Paz	Dúas sesións por aula
<b>ADOLESCENCIA E CAMBIOS CORPORAIS</b>	Promover a aceptación dos cambios físicos e psicolóxicos que se producen na adolescencia. Coñecer o funcionamento do propio corpo.	2º trimestre	Orientadora e organismos externos (posiblemente Servizos de saúde)	Entre unha e dúas sesións por aula (a determinar cando se concrete o contido a traballar)

- CURSO: 2º ESO

<b>IMAXE CORPORAL, AUTOESTIMA E SEXUALIDADE</b>	Sensibilizar sobre unha imaxe corporal libre de estereotipos. Fomentar unha autoestima positiva. Información sobre sexualidade e anticoncepción.	2º trimestre	Orientadora en colaboración con Quérote + e/ou outros profesionais	Dúas sesións de 50 minutos (seguidas), por aula.
<b>TIC E CIBERSEGURIDADE</b>	Promover o uso responsable das novas tecnoloxías	2º trimestre	Orientadora Plan Director para a mellora da convivencia...	Unha sesión por aula.
<b>XÉNERO E IGUALDADE</b>	Promover a igualdade de xénero no centro educativo a partir da identificación e análise de conflitos cotiáns e globais.	Sen determinar	Orientadora e Movemento pola Paz	Dúas sesións por aula

- CURSO: 3º ESO

<b>SEXUALIDADE E RELACIÓNS COERCITIVAS (IGAXES)</b>	Promover valores, actitudes e sentimentos positivos de cara a unha sexualidade saudable.	1º trimestre	Orientadora en colaboración con Servizos Sociais e IGAXES	Catro sesións por aula.
<b>Proxecto “Que non te líen, ti elixes”</b>	Identificar estereotipos sexistas asociados a profesións masculinizadas.	Sen determinar	Orientadora. Profesor de Economía.	Proxecto da Xunta, pendente de aprobación. Cinco sesións.
<b>PROGRAMAS INTERXERACIONAIS</b> <i>Falamos da escola</i> <i>Fálame da emigración</i>	Valorar o dereito a educación universal. Promover a relación interxeracional. Aprender valores de emprendemento, esforzo, adaptación, superación,...	Sen determinar	Titores, Orientadora. AFundación	Catro sesións (dúas en relación a cada programa) e traballo preparatorio previo, nas titorías.
<b>DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE</b>	Aprender a vivenciar conductas, valores e estratexias necesarias para un desenvolvemento humano sostible e no respecto ao medio ambiente nos centros educativos.	Sen determinar	Orientadora en colaboración con Movemento pola Paz	Dúas sesións por aula

- CURSO: 4º ESO

<b>Proxecto “Que non te líen, ti elixes”</b>	Identificar estereotipos sexistas asociados a profesións masculinizadas.	Sen determinar	Orientadora. Profesor de Economía.	Proxecto da Xunta, pendente de aprobación. Cinco sesións.
<b>SAÚDE MENTAL</b>	Valorar a importancia da saúde psicosocial.	1º trimestre	Orientadora e Andaina	Unha sesión de 50 minutos
<b>Adiccións, xogos a apostas</b>	Prevención de adicción a videoxogos e apostas on-line. Identificación de factores de risco.	Sen determinar	Orientadora en colaboración con organismos externos ao centro.	Duración das sesións, pendente de concreción..
<b>PREVENCIÓN DE DROGAS (IGAXES)</b>	Fomentar a reflexión do alumnado en relación aos riscos asociados ao uso e abuso das drogas, nos ámbitos físico, psíquico e social.	1º trimestre	Orientadora en colaboración con Servizos Sociais e IGAXES	Seis sesións por grupo.

## OUTRAS ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:

- Teremos Obradoiros de **Alimentación saúdale** en todos os cursos da ESO, en colaboración coa materia de Educación Física. Unha sesión por grupo impartida por persoal da Mancomunidade de Ordes.
- Estudiarase a viabilidade de formar a **Alumnado axudante á convivencia**, coordinado polos titores/as..
- Teranse en conta novas iniciativas que vaian xurdindo ao longo do curso en relación aos eixes que serven de base á nova lei educativa: dereitos humanos e dereitos da infancia, igualdade de xénero, diversidade afectivo-sexual, desenvolvemento sostible, educación intercultural e identidade dixital.
- Recóllese a proposta de D<sup>a</sup> Esther Vázquez de organizar actividades centradas na temática "**participación democrática e inclusividade**", pendente da concreción e xestión das mesmas.

## 4. Actividades propostas polo grupo de diversidade afectivo-sexual.

---

O grupo do IES de Oroso propón as seguintes actividades complementarias para o alumnado de carácter afectivo-sexual.

A maiores destas actividades, participarán tamén na celebración dunha serie de efemérides relacionadas co colectivo LGBTQ+.

- **PRIMEIRO TRIMESTRE**

- Acción formativa sobre diversidade AFECTIVO-SEXUAL, IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E CONTRA A LGTBIFOBIA, dirixida a alumnado de 1º, 2º e 3º da eso, impartido por Cristina Palacios. Datas: a determinar

- **SEGUNDO TRIMESTRE**

- Charlas sobre diversidade funcional, TEA, TDAH a cargo de persoas expertas de asociacións ou profesionais no tema. Grupos e datas a determinar

- 31 de marzo (Día da Visibilidade Trans): conferencia/debate/actuación musical (Éric Dopazo, ou persoa/s a determinar). Exposición de cartelería nos corredores do centro. Datas semana da segunda avaliación do 18 ao 22 de marzo.

- Obradoiro 4º da eso: a formación da masculinidade, axudando á disidencia, impartido polo docente Xosé Cabido Pérez e o Obradoiro "Feminismos para des-aprender-nos" pola psicóloga do grupo Feitoría Verde. 3 sesións (última da mañán e as dúas da tarde). Datas a determinar

- **TERCEIRO TRIMESTRE**

-Maio: letras galegas e (17 de maio día internacional contra a LGTBIFOBIA): Intervención poético/musical en coordinación co EDNLG ("Todas as formigas" a cargo de Alba María (poeta, feminista, regueifeira e docente) e de Andrea Núnes Brións (poeta, feminista, docente e militante LGTBI)

-Obra de teatro do alumnado do grupo de diversidade.



- **TODO O CURSO:**

-Material didáctico da Exposición “Sen Cancelas” do Consello da cultura galega, que estivo nos corredores do instituto o curso pasado e que podemos ter en formato dixital para o uso nas aulas.

- Celebración das efemérides relacionadas coa diversidade LGBTQI+ e outras diversidades (neurodiverxencias, capacidades diferentes, etc...)

## **5. Actividades en colaboración co Equipo de Dinamización Lingüística.**

---

- Elaboración do calendario escolar (TODO O CURSO)
- XXI Edición do Concurso de Fotografía: premios e diplomas para as gañadoras. En colaboración coa Biblioteca e a Dirección. (NOVEMBRO)
- Calendario anual coas fotografías do concurso. En colaboración co Departamento de TIC, Act. Extraescolares e Biblioteca. (DECEMBRO/XANEIRO).
- IV Concurso de Ilustración. As ilustracións formarán parte dunha exposición no centro ao longo de todo o mes de Febreiro. Colaboración con EPVA e Actividades Extraescolares (XANEIRO).
- Entroido: en colaboración co Departamento de Actividades Extraescolares. Dende dinamización propoñemos fixar un tema xeral para todo o IES e que os diferentes grupos o enfoquen nese sentido. (FEBREIRO).
- Campaña de uso e dinamización da Lingua Galega. (TODO O CURSO)
- Concurso de microrrelatos. Colaboración con Biblioteca e Departamento de LGeL. (ABRIL).
- Semana das Letras Galegas: entre as actividades propostas sinalamos a creación dunha cadea humana no recinto do IES, un recital de poesía/prosa ou a realización dun mural sobre o autor homenaxeado. (semana do 17 de MAIO).
- Acto de graduación do alumnado de 4º ESO. É moi importante que en todo tipo de actos se fomente o uso da nosa lingua. (XUÑO).
- Participación nos actos do 25N. Colaboración dende o EDLG nos actos do Día contra as Violencias Machistas. Destacamos actividades como un manifesto en colaboración coa materia de oratoria ou un baile de unha canción reivindicativa en galego. (25 DE NOVEMBRO).
- Tíralle da Lingua: XXII Concurso de Relato Oral. Fomento da participación do alumnado. Colaboración co Departamento de LGeL.
- III Certame Coreografía. Colaboración con Educación Física.
- Día da Paz e da non violencia: Elaboración de pombas con mensaxes positivas en lingua galega e colocación ao longo do centro. En colaboración con Orientación e Titorías. (31 de XANEIRO).
- 14 Febreiro: Dillo cun libro en Galego. Co obxectivo de romper estereotipos, propoñemos festexar todo tipo de amizades e amores ao longo do mes de febreiro, e demostrar que as nosas emocións se poden levar a cabo na nosa lingua, o galego. Para iso, en colaboración coa Biblioteca propoñemos ao alumnado que agasalle un libro en lingua galega a aquela persoa á que desexe mandar unha mensaxe positiva. (14 de FEBREIRO).
- Mes das emocións. (FEBREIRO). En colaboración con Orientación e Titorías. Fomentar a expresión das emocións na lingua galega.
- 23 DE ABRIL. DÍA DO LIBRO.
- I CONCURSO A NOSA BANDA DESEÑADA (30 ABRIL). Con motivo da celebración do Día da Banda Deseñada, levamos a cabo o primeiro concurso de banda deseñada en lingua galega do IES de Oroso en colaboración co Departamento de EPVA. A imaxe gañadora será a portada da Axenda Escolar do curso 2023/24.

- Conxunto de conferencias e entrevistas. Formulase a posibilidades de levar a cabo durante o curso dunha serie de charlas e entrevistas a persoas relacionadas co fomento, uso e dinamización da LG en numerosos ámbitos públicos e sociais (TODO O CURSO).
- Creación da Revista do centro (formato papel ou dixital). Proponse a posta en marcha da revista de centro, en colaboración con todos os departamentos. (TODO O CURSO).
- Un obradoiro ou actuación de Regueifas. En colaboración co Departamento de LGeL. (3º TRIMESTRE).
- Visita a un centro de día/residencia da contorna ou visita das persoas maiores dalgunha delas para favorecer o diálogo entre ambos colectivos. En colaboración co profesorado de valores de 3º da ESO. (1º TRIMESTRE).
- Postais de Nadal en galego para persoas maiores. En colaboración co profesorado de valores de 3º da ESO. (1º TRIMESTRE).
- Formación dun club de lectura. (TODO O CURSO).
- Participación en actividades do club de ciencias. (TODO O CURSO).
- Traer música en galego en algunha festividade. (TODO O CURSO).
- Concurso de esopía. En colaboración cos departamentos de LGeL, LCeL e matemáticas. (2º TRIMESTRE).
- Elaboración de programas de radio ou podcast para emitir en algunha radio local ou subir á páxina web. En colaboración con outros departamentos e co grupo de diversidade. (TODO O CURSO)
- Saída ao museo do pobo galego. En colaboración co departamento de xeografía e historia. (BAIXO DISPOÑIBILIDADE).
- Exposición de caricaturas acerca de tópicos da lingua galega. En colaboración co departamento de LGeL. (TODO O CURSO).
- Rueiro a prol da igualdade. En colaboración co departamento de lingua galega e grupo de igualdade. (2º TRIMESTRE).
- Participación no correlingua. En colaboración co departamento de lingua galega. (MAIO).
- Elaboración de vídeos sobre o galego. En colaboración co departamento de lingua galega. (TODO O CURSO).
- Elaboración de entrevistas en galego por parte do alumnado: aos oficios da zona, aos avós (alcumes, lendas...). En colaboración co departamento de lingua galega. (TODO O CURSO).
- Búsqueda de información de xogos tradicionais. En colaboración cos departamento de lingua galega e Educación Física. (2º TRIMESTRE).
- Renomear as aulas do centro con figuras destacadas da lingua. En colaboración co departamento de LGeL. (TODO O CURSO).
- Visita de algún autor ou autora galegos. En colaboración co departamento de LGeL e grupo de diversidade. (TODO O CURSO).
- Día da ciencia en galego. Actividades como conferencias de científicos galegos. En colaboración cos departamentos de Bioloxía e Xeoloxía e Física e Química. (NOVEMBRO)
- Día da muller e da nena na ciencia. Actividades como a visita de unha científica galega. En colaboración cos departamento de Bioloxía e Xeoloxía e Física e Química. (FEBREIRO)
- Obra de teatro en galego sobre un libro que trate o tema de diversidade e/ou igualdade. En colaboración co grupo de diversidade. (FINAL DE CURSO)

## 6. Efemérides a celebrar no centro.

---

Según a *Orde do 3 de maio de 2023* establécense as seguintes conmemoracións:

- 20 de novembro de 2023: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2023: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 28 de novembro ao 5 de decembro de 2023: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2023: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2023: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2024: Día Internacional da educación.
- 30 de xaneiro de 2024: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 23 de febreiro de 2024: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2024: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2024: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 4 ao 8 de marzo de 2024: Semana da Prensa.
- 1 de abril de 2024: Día das Artes Galegas.
- 7 de abril de 2024: Día Mundial da Saúde.
- Do 22 ao 26 de abril de 2024: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2024: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2024: Día de Europa.
- Do 13 ao 17 de maio de 2024: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2024: Día Mundial do Medio Ambiente.



## 6. Documento de Organización do Centro (DOC)

---

Será remitido á Inspección Educativa no momento no que o aplicativo permita a súa elaboración.

## 7. Programas de Formación do Profesorado (PFPP)

---

No presente curso 2023/2024, participárase en dúas liñas de formación a través do PFPP:

- **Acción tutorial no IES de Oroso:** afondando no traballo feito en anos anteriores na creación de recursos para a labor tutorial

- **Educación dixital:** complementando a formación do profesorado no eido das novas tecnoloxías incluíndo a actualización do plan dixital, o uso de ferramentas e aplicacións institucionais empregadas no centro educativo, así como para a utilización do material dixital que se outorgará mediante Polos Creativos.

A documentación correspondente a este apartado tramitárase mediante o aplicativo Fprofe.

## 8. Anexos: Concreción Anual dos Plans e Proxectos do centro

---

### Anexo I. Programación de actividades para a potenciación do uso do galego



# PROGRAMACIÓN DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA IES DE OROSO CURSO 2023-2024



**Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega**

## **INTRODUCCIÓN E COMPOSICIÓN DO EDLG**

O equipo para o fomento e a dinamización do uso do idioma galego no IES de Oroso está encabezado pola coordinadora, **Tania López González** (profesora do Departamento de Bioloxía e Xeoloxía) que estará acompañado na súa labor diaria por dúas profesoras; **Xosé Carlos García Freire** (profesor de Lingua Galega e Literatura) e **Romina Bal Botana** (profesora de Lingua galega e Literatura). Ademais, contarase co apoio puntual ao longo de todo o curso de profesorado dos diferentes departamentos. Así mesmo, dous alumnos/as formarán parte do equipo; **Paula García Mazás** e **Alejandra Landeira Rey**, ambas de 3º ESO, apoiados por máis alumnado dos cursos de 3º e 4º ESO á hora de levar a cabo a proposta e realización de actividades ao longo de todo o curso. O apoio do alumnado é esencial para acadar os obxectivos previstos na presente programación.

## **OBXECTIVOS DO PROCESO DINAMIZADOR**

O **obxectivo xeral** do EDLG do IES de Oroso dedúcese do *Decreto 79/2010 para o uso das linguas no sistema educativo de Galicia*, centrándose fundamentalmente no fomento, dinamización e pulo do uso da lingua galega no centro e na comunidade educativa, así como asumir una posición protagonista na análise da situación lingüística do centro e no deseño, posta en marcha, revisión e actualización dos programas de planificación lingüística efectiva, plasmada na Planificación Sociolingüística do Centro (PSC) e no Proxecto Lingüístico do Centro (PLC).

Segundo isto, ao Equipo correspóndelle deseñar e desenvolver un repertorio de actividades de dinamización sociolingüística orientadas á potenciación da lingua galega, así como una planificación lingüística na que se contemple o uso que se fará das dúas linguas no ámbito escolar para acadar o



obxectivo, marcado por lei (*Decreto 79/2010*, por referirmos a unha), de conseguir que o alumnado adquira una boa e semellante competencia comunicativa nas dúas linguas, independentemente da súa lingua familiar ou habitual.

Os **obxectivos xerais** do proxecto do EDLG para este curso 2023/24 son:

- ***Afondar na Dinamización Lingüística da vida escolar***, no ámbito das actividades curriculares, complementarias e extraescolares, intentando erradicar estereotipos e prexuizos.
- ***Promover o uso da lingua*** en todos os ámbitos da vida, desde o individual e o familiar ata o institucional e cultural.
- ***Concienciar á comunidade escolar da importancia da súa implicación activa no fomento e potenciación do uso do galego.***
- Dar a coñecer novas que supoñan un avance na ***recuperación do prestixio social da lingua.***
- ***Informar ao profesorado*** sobre materiais didácticos, lingüísticos e pedagóxicos existentes que permitan un incremento da docencia en lingua galega.
- ***Fomentar o uso do galego***, a nivel oral e escrito, por parte dos membros da comunidade educativa do IES de Oroso, para reafirmalo como lingua de uso habitual nas reunións do centro e en calquera acto oficial ou público.
- ***Fomentar o hábito da lectura en galego***, facendo especial fincapé na literatura xuvenil e naqueles autores e autoras que conecten ben coa mocidade.
- ***Potenciar a conservación do patrimonio cultural*** e facilitar a relación do alumnado cos seus maiores e así contribuír á conservación de tradicións, técnicas, usos, costumes e saberes.
- Fomentar o ***coñecemento xeral de Galicia*** e en particular da nosa comarca, dando a coñecer personaxes ilustres, artistas de diferentes disciplinas, festas tradicionais, as nosas parroquias, veciños, etc



- Incorporar as **novas tecnoloxías** como plataforma útil de expresión en Lingua galega.
- Renovación do Proxecto Lingüístico de Centro (PLC).

## **RELACIÓN DE ACTIVIDADES PARA O CURSO 2023/24**

O EDLG do IES de Oroso colaborará e/ou coordinará as actividades que se relacionan a continuación, deseñadas para o fomento e dinamización da lingua galega no ámbito do centro e da súa comunidade educativa.

Dentro das propostas de actividades, podemos diferenciar entre aquelas que forman parte do día a día e nas cales é de obriga apostar polo uso e dinamización da nosa lingua, a aquelas que buscan poñer o foco en determinadas datas e momentos do calendario escolar onde o noso idioma pode e debe de estar presente e ser protagonista. Así mesmo, aparecen aquí recollidos toda unha serie de recursos ou canles que poden ser importantes á hora de levar a cabo a nosa tarefa.

### **Recursos**

- **Taboleiro.** Recurso esencial non so na sala de profesorado senón tamén no IES para que o alumnado coñeza as actividades a realizar. Levarase a cabo a súa actualización constante.
- **Web do IES de Oroso:** é moi importante a utilización e actualización da web do IES, creando un espazo propio para o EDLG onde dar a coñecer todas as actividades así como material de interese para profesorado, alumnado e comunidade educativa.
- **Creación de Redes Sociais do EDLG do IES de Oroso.** Sendo conscientes de que é a mellor forma de chegar ao alumnado, a utilización deste recurso non debe de ser un problema á hora de fomentar a actividade do EDLG. Ademais, é importante fomentar e dinamizar o uso da nosa lingua nun ámbito no que os adolescentes conviven as 24 horas do día.



**Actividades xerais e con arraigo no IES de Oroso** (ordenadas cronolóxicamente)

- Elaboración do **calendario escolar** (Todo o curso)
- **XXI Edición do Concurso de Fotografía:** premios e diplomas para as gañadoras. Terán que ser fotografías relacionadas coa paisaxe ou arquitectura galega que irán acompañada de un pé de foto con estilo literario. En colaboración coa Biblioteca, a Dirección e os Departamentos de LGeL e LCeL. (NOVEMBRO)
- **Calendario anual coas fotografías do concurso.** En colaboración co Departamento de TIC, Act. Extraescolares e Biblioteca (DECEMBRO/XANEIRO)
- **IV Concurso de Ilustración.** As ilustracións formarán parte dunha exposición no centro ao longo de todo o mes de Febreiro. Colaboración con EPVA e Actividades Extraescolares. (XANEIRO)
- **Entroido:** en colaboración co Departamento de Actividades Extraescolares. Dende dinamización propoñemos fixar un tema xeral para todo o IES e que os diferentes grupos o enfoquen nese sentido. (FEBREIRO)
- **Campaña de uso e dinamización da Lingua Galega.** (AO LONGO DE TODO O CURSO)
- **Concurso de microrrelatos** (colaboración con Biblioteca e Departamento de LGeL). (ABRIL)
- **Semana das Letras Galegas:** entre as actividades propostas sinalamos a conservación e aumento do Milladoiro de palabras que hai recinto do IES, un recital de poesía ou prosa, a realización dun mural sobre o autor homenaxeado ou a creación unha cadea humana no recinto do IES. (SEMANA 17 MAIO)
- **Acto de graduación do alumnado de 4º ESO.** É moi importante que en todo tipo de actos se fomente o uso da nosa lingua. (XUÑO)





**Proposta de novas actividades para o curso 2023/24.**

- Participación nos **actos do 25N**. Colaboración dende o EDLG nos actos do *Día contra as Violencias Machistas*. Destácanse actividades como un manifesto en colaboración coa materia de oratoria ou un baile dunha canción reivindicativa en galego. (25 DE NOVENBRO)
- **Tíralle da Lingua: XXII Concurso de Relato Oral**. Fomento da participación do alumnado. Colaboración co Departamento de LGeL.(Límite 14 de NOVENBRO)
- **III Certame Coreografiate**. Colaboración con Educación Física. Colaboración co Departamento de Educación Física. (Límite 13 de NOVENBRO).
- **Día da ciencia en galego**. Actividades como poden ser conferencias de científicos galegos. En colaboración cos Departamentos de Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química e Matemáticas (NOVENBRO)
- **Concurso de relatos terroríficos**. Deberán basearse en lendas ou historias de medo da cultura galega. (NOVENBRO)
- **Visita a un centro de día/residencia de maiores da contorna ou visita das persoas da terceira idade para fomentar o diálogo entre ambos colectivos**. En colaboración co profesorado de valores de 3º da ESO. (DECEMBRO)
- **Postais de Nadal en galego**. En colaboración co profesorado de valores de 3º da ESO. (DECEMBRO)
- **Día da Paz E DA NON VIOLENCIA**: Elaboración de pombas con mensaxes positivas en lingua galega e colocación ao longo do centro. En colaboración con Orientación e Tutorías. (30 XANEIRO)
- **Día da muller e da nena na ciencia**. Actividades como a visita de unha científica galega. En colaboración cos departamento de Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química e Matemáticas (FEBREIRO).




- ***Dillo cun libro en Galego.*** En colaboración coa Biblioteca propoñemos ao alumnado que agasalle un libro en lingua galega a aquela persoa á que desexe mandar unha mensaxe positiva. (14 FEBREIRO)
- ***Mes das emocións.*** (FEBREIRO) En colaboración con Orientación e Titorías. Fomentar a expresión das emocións na lingua galega.
- ***Poema dos namorados a cambio dun agasallo.*** En colaboración cos Departamentos de LGeL e LCeL. (14 FEBREIRO)
- ***Concurso de esopía.*** En colaboración cos Departamentos de LGeL, LCeL e matemáticas. (2º TRIMESTRE)
- ***Rueiro a prol da igualdade.*** En colaboración co Departamento de LGeL e co grupo de diversidade. (2º TRIMESTRE)
- ***Búsqueda de información de xogos tradicionais.*** En colaboración cos Departamentos de LGeL e Educación Física. (2º TRIMESTRE)
- ***23 DE ABRIL. DÍA DO LIBRO.***
- ***I CONCURSO A NOSA BANDA DESEÑADA.*** Con motivo da celebración do Día da Banda Deseñada, levamos a cabo o primeiro concurso de banda deseñada en lingua galega do IES de Oroso en colaboración co Departamento de EPVA. A imaxe gañadora será a portada da Axenda Escolar do curso 2023/24. (30 ABRIL)
- ***Participación no correlingua.*** En colaboración co Departamento de LGeL. (MAIO)
- ***Un obradoiro ou actuación de regueifas.*** En colaboración co Departamento de LGeL. (3º TRIMESTRE)
- ***Conxunto de conferencias e entrevistas.*** Formúlase a posibilidades de levar a cabo durante o curso dunha serie de charlas e entrevistas a persoas relacionadas co fomento, uso e dinamización da LG en numerosos ámbitos públicos e sociais. (TODO O CURSO)
- ***Creación da Revista do centro*** (formato papel ou dixital). Propónse a posta en marcha da revista de centro, en colaboración con todos os departamentos. (TODO O CURSO)



- **Formación dun club de lectura.** En colaboración cos Departamentos de LGeL e LCeL. (TODO O CURSO)
- **Participación en actividades do club de ciencias.** (TODO O CURSO)
- **Traer música en galego en algunha festividade.** (TODO O CURSO)
- **Elaboración de programas de radio ou podcast.** O obxectivo é emitilo en algunha radio local, nos recreos ou na páxina web. En colaboración con outros departamentos e co grupo de diversidade. (TODO O CURSO)
- **Saída ao museo do pobo galego.** En colaboración co Departamento de xeografía e historia. (BAIXO DISPOÑIBILIDADE)
- **Exposición de caricaturas acerca de tópicos da lingua galega.** En colaboración co Departamento de LGeL. (TODO O CURSO)
- **Elaboración de vídeos sobre o galego.** En colaboración co Departamento de LGeL. (TODO O CURSO)
- **Elaboración de entrevistas en galego por parte do alumnado (oficios, lendas, alcumes...).** En colaboración co Departamento de LGeL. (TODO O CURSO)
- **Renomear as aulas do centro con figuras destacadas da lingua.** En colaboración co Departamento de LGeL. (TODO O CURSO)
- **Visita de algún autor ou autora.** En colaboración co Departamento de LGeL e grupo de diversidade. (TODO O CURSO)
- **Obra de teatro en galego sobre un libro que trate o tema de diversidade e/ou igualdade.** En colaboración co grupo de diversidade. (FIN DE CURSO)

Así mesmo, é esencial a posta en marcha, tal e como se indicou nos obxectivos, da revisión e actualización do *Proxecto Lingüístico de Centro*, o cal data do curso 2013/14, co obxectivo de coñecer as eivas e realidades da situación da Lingua Galega dentro da comunidade educativa do IES de Oroso.



Do mesmo xeito, dende o EDLG apoiaremos e colaboraremos en todas as **actividades dos diferentes departamentos, fundamentalmente do Departamento de Actividades Extraescolares** (Magosto, Entroido, etc.) e **do grupo de diversidade** co obxectivo de que a lingua galega sexa a lingua vehicular en todos os actos e actividades do centro.

## **Anexo II. Proxecto Educativo de Centro (PEC)**

O PEC está conformado, entre outros, polos plans e proxectos do centro. Foi aprobado polo Consello Escolar o 7 de febreiro de 2007. Durante o presente curso realizaranse as pertinentes modificacións, actualizacións e/ou creación dos documentos que o compoñen.

## **Anexo III. Concreción curricular e programacións didácticas**

As programacións didácticas serán elaboradas polo profesorado que imparte a materia e, supervisadas polas xefaturas dos departamentos didácticos, polo equipo directivo e a inspección educativa, mediante o aplicativo “proens”. As programacións didácticas de cada materia estarán á disposición de toda a comunidade educativa na páxina web do centro:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesoroso/>

A concreción curricular foi modificada o curso pasado para a súa adaptación á *Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOMLOE)*. No presente curso levarase a cabo a súa actualización pola implantación da LOMLOE en 2º e 4º da ESO. Ao igual que as programacións didácticas, atoparase a disposición de toda a comunidade educativa na páxina web do centro.

## **Anexo IV. Plan de Atención á Diversidade**

O Plan Xeral de Atención á Diversidade foi elaborado polo Departamento de Orientación no curso 2015/2016, de acordo co *Decreto 229/2011, do 7 de decembro*, sendo aprobado a finais de curso. É un dos plans que precisa de revisión, pois aínda que se foron incorporando aquelas modificacións necesarias pola actualización normativa, como é a *Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011*, non foi revisado e/ou aprobado por ningún órgano do centro.

Non obstante, o Departamento de Orientación segue a traballar de xeito intensivo dando resposta ao alumnado con necesidades educativas, informando aos equipos docentes das necesidades de cada grupo e nivel, deseñando un plan de intervencións tanto dentro como fóra da aula ou coordinando as medidas ordinarias e extraordinarias de atención á diversidade ao alumnado, entre outras moitas que se recollen na programación de dito departamento.

## **Anexo V. Plan de Convivencia e Normas de Organización e Funcionamento do Centro (NOFC)**

No Plan de Convivencia, que foi aprobado o 30 de xuño de 2010, cómpre resaltar a inclusión de:

1. Tipificación de faltas e sancións
2. Plan de acollida ao alumnado inmigrante

Posteriormente, aprobouse o Protocolo de Intervención en caso de Acoso Escolar (30 xuño de 2011, anexo ao Plan de Convivencia), e creouse a Comisión de Convivencia no curso 2015/2016, atendendo ao

disposto no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

As Normas de Organización e Funcionamento do Centro, incluídas no PEC aprobado no 2007, foron actualizadas o 18 de febreiro de 2009, aprobando as normas de uso da biblioteca (anexo X).

Ambos documentos serán revisados e actualizados, se procede, durante o presente curso escolar.

#### **Anexo VI. Plan de Acción Tutorial (PAT)**

O PAT englobase no PEC (Proxecto Educativo de Centro), aprobado en febreiro de 2007. Durante este curso escolar, desenvolveranse as seguintes liñas de actuación:

1. Continuación das actividades coordinadas polo Departamento de Orientación
2. Continuación do PFPP para a creación e/ou actualización de recursos para a acción tutorial, dispoñibles para todo o profesorado na aula virtual do centro
3. Mellorar a coordinación entre o equipo directivo, orientación e as persoas titoras: reunión presencial de carácter mensual coas persoas titoras de cada nivel, coa asistencia da profesora de PT cando sexa preciso
4. Actualización do PAT

#### **Anexo VII. Plan de integración das TIC e plan dixital**

As actuacións levadas a cabo en cursos anteriores dentro do plan TIC centráronse en:

1. Dotación de canón e proxector en cada aula
2. Mantemento e/ou renovación de equipos de aula
3. Dotación de equipos na aula de informática para poder impartir as materias de Tecnoloxía e Dixitalización, Educación Dixital e TIC a grupos enteiros (cada vez máis numerosos)
4. Creación e actualización do plan dixital
5. Uso do abalar como principal canle de comunicación coas familias

No presente curso e, de acordo co recollido no plan dixital do IES de Oroso (dispoñible na páxina web do centro), as liñas de actuación centraranse en:

1. Actualizar parte dos equipos máis obsoletos do centro
2. Mellorar a competencia dixital do profesorado
3. Promover o uso da aula virtual co alumnado por parte do profesorado

Ademais, poderán incorporarse ao plan dixital, os seguintes obxectivos:

1. Mellorar a comunicación entre a comunidade educativa



- Uso de abalar móbil por parte das familias
  - Uso de abalar para a comunicación dos equipos docentes do grupo (titorías)
  - Uso de abalar Pro por parte do profesorado
2. Potenciar a competencia dixital do alumnado de 4º ESO para solicitude de acceso a ciclo medio
    - Coñecemento dos sistemas de identificación electrónica.
    - Coñecemento do proceso de admisión e matrícula na FP
  3. Redución da fenda dixital entre o alumnado

### **Anexo VIII. Plan de igualdade e diversidade**

Pese a que o centro non conta cun plan onde se aglutinen os obxectivos e liñas de actuación concretas, é certo que no IES de Oroso se vén traballando neste eido dende fai anos. Algúns exemplos destacados son:

- No curso 2021/2022, creouse un seminario sobre identidade sexual e diversidade afectivo sexual, no marco do PFPP do centro, que continuou a súa labor no curso pasado (sen estar adscrito ao programa do CAFI) no marco do grupo de igualdade e diversidade do IES de Oroso.
- O Departamento de Orientación leva a cabo diferentes actividades, no marco do PAT (plan de acción tutorial), sobre: xénero e igualdade, sexualidade e relacións coercitivas, diversidade cultural, sexualidade responsable, uso responsable das novas tecnoloxías, ...
- O Departamento de Educación Física, en colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua Galega, desenvolve todos os anos unha actividade o 25N, na que se versiona a letra dunha canción, adaptándoa ao galego para a conmemoración do día internacional da non violencia de xénero. Trátase dunha actividade transversal, na que tanto alumnado como profesorado participa activamente cantando e bailando, dentro dos actos organizados polo Concello de Oroso, no que participan os centros educativos da contorna.
- Emprego dunha linguaxe inclusiva co cambio do lema á entrada do centro de *"A convivencia e cousa de todos"* por *"A convivencia é cousa de todxs"*.
- E outras moitas que se recollen nas memorias anuais do centro.

Na ausencia dun plan de igualdade e diversidade, desglósanse de seguido as liñas de actuación que se levarán a cabo no presente curso escolar:

1. Redacción e aprobación do plan de igualdade e diversidade
2. Continuación do grupo de igualdade e diversidade do IES de Oroso
3. Proxecto Competencial: encargarse da docencia desta materia en todos os niveis a coordinadora do grupo de igualdade e diversidade, traballando nela os valores democráticos, a transversalidade, a inclusión, a igualdade de oportunidades e a visibilidade.



4. Continuación das actividades desenvolvidas polo Departamento de Orientación citadas anteriormente e/ou ampliación con outras novas.
5. Distribución equitativa do alumnado nos grupos.
6. Fomento da participación de alumnas en actividades deportivas e/ou científico-tecnolóxicas (club de ciencia).
7. Participación nos programas das universidades, ou outros similares, que promovan a presenza de mulleres no eido científico-tecnolóxico.
8. Creación dun mural de mulleres galegas ilustres, coa colaboración do Departamento de EPVA.

**Anexo IX. Proxecto Lector, Plan Anual de Lectura e Biblioteca Escolar**

# PLAN ANUAL DE LECTURA E BIBLIOTECA ESCOLAR

**CURSO 2023-24**



## 1. O B X E C T I V O S

A LOMLOE, no seu artigo 113 afirma: “as bibliotecas escolares contribuirán a fomentar a lectura e a que o alumnado acceda á información e a outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias, e poida formarse no uso crítico dos mesmos, debendo contribuir estas bibliotecas escolares a facer efectivos os principios pedagóxicos referidos á lectura, e dispoñendo que a organización das bibliotecas escolares deberá permitir o seu funcionamento como espacio aberto á comunidade educativa dos respectivos centros, así como que a súa dotación farase de forma progresiva”. En consonancia con isto, diferenciamos obxectivos relacionados con diferentes ámbitos:

Relacionados coa xestión da Biblioteca:

- Manter actualizada a base de datos do software “Proxecto Meiga”:
  - Dando de alta ao novo persoal que se incorpora ao centro (alumnado, profesorado, persoal non docente) como lector/a.
  - Mantendo ao día o rexistro de fondos.
- Completar e/ou revisar a catalogación dos fondos existentes seguindo como criterio a CDU e renovando, se fose necesario, as etiquetas do lombo, tanto dos libros situados na propia Biblioteca como dos que se atopan noutras dependencias do Centro.
- Ir equilibrando a colección de fondos, tanto no que se refire á temática como a unha gama variada de soportes. Ao igual que en cursos anteriores, utilizaremos dúas vías:
  - Realizar pequenas expurgacións de fondos que liberen os andeis de cara a expoñer unha maior diversidade de títulos, dado que o espazo do que dispomos é limitado.
  - Incorporar novos fondos, primando a adquisición de materiais que contribúan ao desenvolvemento do currículo por parte dos departamentos ou aqueles nos que a biblioteca é máis deficitaria.
- Revisar a distribución dos espazos no interior da Biblioteca, tratando de ir adecuando a moblaxe aos diferentes usos en cada un deles. Esta distribución inclúe a posible mellora das diferentes zonas dentro da propia biblioteca: zona de xestión, zona de exposición e información, zona de lectura informal.
- Revisar a sinalización dos diferentes espazos e seccións, incluída unha posible sinalización exterior.
- Realización de listaxes de fondos, como servicio de información á comunidade educativa.
- Manter actualizado un arquivo con documentación relacionada coa Biblioteca: normas de funcionamento, catálogo CDU, folletos informativos publicados...

Relacionados coa formación de usuarios:

- Organizar actividades de información e de formación de usuarios relativa a aspectos relacionados coa Biblioteca (organización, normas de funcionamento, tipo de documentos e soportes...) sobre todo dirixida ao alumnado que se incorpora ao centro.
- Organizar actividades destinadas ao uso de diferentes documentos de consulta (dicionarios, enciclopedias, buscadores on-line...)

Relacionados coa dinamización lectora:

- Manter actualizado o taboleiro exterior de exposición de novidades, noticias, información a usuarios,...
- Buscar vías para afondar na contribución da Biblioteca aos procesos de ensino e aprendizaxe.
- Buscar vías para a creación de “espazos lectores” en lugares diferentes á propia Biblioteca.
- Organizar actividades que axuden a vivenciar a lectura e a expresión escrita como actividades lúdicas.
- Impulsar a curiosidade e as inquietudes culturais.

Relacionadas coa lectura:

- Busca de libros que teñan atractivo para os/as lectores/as afeccionados, ben pola temática que traten, ben pola calidade da edición.
- Busca de materiais impresos ou informáticos que permitan diagnosticar e/ou mellorar o nivel de lectura que posúe o alumnado do Centro, así como detectar os seus intereses no relacionado coa lectura.

Relacionados co Proxecto Lector de Centro e co Plan Anual de Lectura:

- Ter en consideración as suxestións que poidan realizar os membros do equipo docente de cara mellorar o Proxecto Lector e o Plan Anual de Lectura.

A orde na que expomos estes obxectivos non implica ningún tipo de prioridade.

## **2. RECURSOS HUMANOS E DISTRIBUCIÓN DE TAREFAS**

Contaremos, para a realización do que se propón neste Plan, con:

- Unha profesora encargada da Biblioteca, que se ocupará fundamentalmente da realización das tarefas de xestión e organización e da coordinación de actividades con outros equipos docentes. Contará ao longo deste curso con dúas horas de dedicación a este traballo.
- Dúas profesoras que realizan as gardas de biblioteca nos recreos de dous días. Estas profesoras ocuparanse de:
  - Atender aos/as lectores/as e facer cumprir as normas de funcionamento da Biblioteca durante o tempo de garda.
  - Levar a efecto o servizo de préstamos.
  - Sempre que sexa posible, recolocar nos diferentes andeis os libros que foron obxecto de uso por parte dos/as lectores/as.
- Trataremos tamén de conseguir alumnado voluntario que se implique en tarefas relacionadas coa Biblioteca, tanto de xestión como de organización de actividades.

Contamos, así mesmo, coa colaboración do profesorado e dos departamentos para:

- Realizar actividades na Biblioteca en período lectivo, relacionadas coa materia que imparte, como apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe:
  - Para fomentar o seu uso como medio para a busca de información e para a elaboración de materiais e traballos académicos por parte do alumnado.
  - Para mellorar o hábito lector e a lectura comprensiva mediante lecturas obrigatorias ou voluntarias, que se traballen de forma individual ou en grupo.
- Organizar conxuntamente coa Biblioteca actividades de dinamización lectora e/ou cultural.

### 3. ACTUACIÓNS

#### Xestión técnica e organización da Biblioteca

- Actualización da base de datos de usuarios: altas e baixas para o curso 2023-24. Este curso prescindimos do carné lector, cada alumno/a terá simplemente un número para solicitar os préstamos.
- Catalogación dos novos fondos que se incorporen.
- Continuar a revisión das fichas do material xa catalogado, sobre todo de cara a mellorar o sistema de **busca por internet** (ser preciso nos temas que trata cada libro e na clasificación CDU). Se fose preciso, cambiar as etiquetas do lombo.
- Dado que hai fondos bibliográficos situados nas “Bibliotecas de Aula”, comprobar que a ubicación de cada libro figura correctamente na base de datos do Proxecto Meiga.
- Funcionamento dos servizos que ofrece a Biblioteca: consulta en sala, préstamos, zona de informática e sala de proxección.
- Revisión da distribución actual do espazo e das seccións de cara á súa posible mellora.
- Actualizar, dentro do posible, a sinalización dos espazos.
- Actualizar a catalogación dos fondos dos departamentos didácticos e das aulas se fose necesario.
- Efectuar, se fose preciso, unha pequena expurgación de fondos.
- Pedirlle aos departamentos didácticos suxestións sobre a incorporación de fondos que poidan ser útiles para apoiar o labor docente ou o traballo sobre a lectura.
- Difusión das normas de uso da biblioteca, dos fondos dos que dispón e dos servizos que ofrece.

#### Formación de usuarios

- Visita guiada do alumnado á Biblioteca, como mínimo cos de primeiro de ESO. Realización de prácticas de localización de libros ou doutros materiais.
- Dar a coñecer as normas de funcionamento.
- Pautas de busca de fondos documentais na nosa Biblioteca a través de Internet.
- Introducción ao uso de dicionarios impresos, enciclopedias e á busca avanzada en internet.

### Educación documental

- Realizar actividades que permitan ao alumnado adquirir destrezas para:
  - Diferenciar diferentes tipos de textos (continuos e non continuos).
  - Realizar buscas de información en soportes diversos (textos impresos como dicionarios, enciclopedias e atlas; textos electrónicos como os que se atopan na Rede).
  - Respetar a autoría dos documentos, citando sempre ás/os autoras/es.
  - Realizar correctamente as citas bibliográficas, tanto de textos impresos como de textos dixitais.
- Promover, coordinando cos Departamentos Didácticos, a elaboración de producións propias por parte do alumnado (textos, imaxes, multimedia...), podendo abrilas ao público por medio da páxina web do instituto.

### Dinamización lectora

- Manter ao día os expositores de fondos bibliográficos.
- Actualizar os taboleiros de información.
- Facilitar a lectura de prensa diaria, tanto en papel como en Internet.
- Colaborar cos departamentos didácticos na organización de actividades: mostras de libros, encontros con autores ou ilustradores, obradoiros, sesións de contacontos, concursos relacionados co mundo da creación literaria e a expresión escrita.
- Celebración de efemérides: Día das Bibliotecas Escolares (25 de outubro), Día dos Namorados (24 de febreiro), Día do Libro (23 de Abril), Día das Letras Galegas (17 de maio). Pode facerse en colaboración con outros departamentos.
- Colaborar na continuidade dun Club de Lectura.

Con respecto a estas actuacións, aclararmos que:

- Aquelas que aparecen mencionadas nos dous últimos apartados (*Educación documental* e *Dinamización lectora*) serán levadas á práctica por medio da coordinación con outras actuacións programadas polo profesorado e polos departamentos didácticos. Como exemplos, podemos mencionar os encontros con autores que poidan realizar os departamentos de Lingua Castelá, Lingua Galega e Bioloxía e Xeoloxía (conxuntamente con Física e Química) ou a actuación de contacontos que poida organizar o Equipo de Dinamización conxuntamente ou non cos departamentos de idiomas..
- Todas elas irán sendo re-avaliadas ao longo do curso e, de ser necesario, procederemos a modificar ou cambiar algunha delas, eliminalas ou organizar outras que agora non se contemplan. Deixarase constancia deses cambios na Memoria que se realizará ao finalizar o curso.

## 4. ACTUACIÓN NO ÁMBITO ACADÉMICO

A LOMCE (texto consolidado), con respecto á lectura, fai as seguintes referencias:

Artículo 19.3	Á fin de fomentar o hábito da lectura, adicaráselle un tempo diario á mesma.
Artículo 26.2	“(…). Á fin de promover o hábito da lectura, adicarase un tempo á mesma na práctica docente de todas as materias.

Por outra parte, a experiencia pedagóxica indica que a formación da lectura comprensiva esixe un traballo progresivo e continuado con todo tipo de textos (literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos...) tanto en soporte impreso como electrónico.

Tendo en conta o anterior e dado que:

- O traballo para mellorar as habilidades de comprensión lectora e de expresión oral e escrita non depende en exclusiva das materias de lingua.
- As actuacións neste sentido deben estar guiadas e coordinadas por un plan global de actuación.

Incorporamos aquí unha pequena sistematización das intervencións que se realizarán nas aulas para traballar o tempo de lectura e escritura en corresponsabilidade:

CONTIDOS	PROFESORADO DE LINGUA E LITERATURA	PROFESORADO DOUTRAS MATERIAS	BIBLIOTECA ESCOLAR
1. Coñecemento e uso dos diferentes tipos de textos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Desenvolvemento de habilidades lingüísticas por medio de: produción de textos, estratexias de comprensión, etc.</li> <li>• Énfase na lectura e produción de textos continuos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Desenvolvemento da comprensión e expresión utilizando os tipos de textos máis relacionados coas diferentes disciplinas: mapas, ilustracións, cadros, gráficos, táboas.</li> <li>• Énfase na lectura e produción de textos discontinuos, así como de textos continuos de cada especialidade (científicos, históricos...)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dispór no seu fondo documental de todo tipo de textos.</li> </ul>
2. Formación e experiencia literaria.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección dun corpus equilibrado de lecturas (clásicos+contemporáneos+literatura infantil e xuvenil)</li> <li>• Realizar lecturas guiadas e itinerarios lectores.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Promoción de lecturas (tanto recreativas e literarias como xornalísticas ou divulgativas) relacionadas coas materias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Provisión de lecturas literarias, informativas e divulgativas.</li> <li>• Dinamización de actividades de lectura.</li> <li>• Promoción das seccións documentais de aula.</li> </ul>

Para unha maior concretización destas intervencións en cada nivel e en cada materia, os departamentos didácticos inclúen nas súas programacións un apartado no que se explicita a súa aportación ao Plan de Lectura. Aínda así, e independentemente da coordinación

(entre os diferentes departamentos coa Biblioteca e o Equipo de Dinamización) que aparece mencionada ao final do apartado 3, facemos constar nun anexo unha táboa que resume a tipoloxía de lectura traballada por cada Departamento a nivel lector, como contribución ao Plan Anual de Lectura.

## 5. HORARIO DE APERTURA DA BIBLIOTECA

O horario de apertura da biblioteca contempla:

- O funcionamento do servizo de préstamos e consulta documental: para ofertar este servizo, a biblioteca estará aberta en todos os períodos con presenza de alumnado no centro pero sen actividade lectiva (recreos).
- A realización de traballos que requiran consulta documental de fondos (en diferentes soportes) **diferentes ao libro de texto**: coidamos de interese incidir na colaboración do profesorado en xeral para realizar actividades relacionadas co proceso de ensino-aprendizaxe, á parte de nas aulas, no propio local da biblioteca, onde se poden consultar documentos diversos en formatos diversos.

## 6. AVALIACIÓN

Os obxectivos e actividades que se presentan neste Plan Anual serán avaliados cando finalice o presente curso 2023-24, analizándoos segundo o seu grao de consecución. Os resultados desta avaliación aparecerán reflectidos nunha Memoria Anual, na que se deixará constancia así mesmo das medidas correctoras que se consideren oportunas.

## 7.-CONSIDERACIÓN FINAL

Tal como establecen os documentos oficiais, o traballo sobre biblioteca queda supeditado á dispoñibilidade horaria do persoal de cada centro educativo.

Sigüeiro – Oroso, 29 de setembro de 2023

A coordinadora de Biblioteca:

Asdo: Juana Porto Pardiñas

## ANEXO:

## TÁBOA-RESUME DO TIPO DE ACTIVIDADES RELACIONADAS COA LECTURA QUE VAN A SER TRABALLADAS NAS AULAS POLOS DIFERENTES DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS AO LONGO DO CURSO.

DEPARTAMENTOS	LECTURA DE TEXTOS CONTINUOS					LECTURA DE TEXTOS DISCONTINUOS							OUTROS TRABALLOS RELACIONADOS COA COMPRESIÓN LECTORA			
	SEGUNDOA FORMA		SEGUNDOA PROCEDENCIA			LECTURA DE IMAXES FIXAS (fotos, debuxos...)	LECTURA DE IMAXES EN MOVEMENTO (cine...)	LECTURA DE MAPAS E PLANOS	LECTURA DE GRÁFICAS MATEMÁTICAS	LECTURA DE PARTITURAS	LECTURA DE FÓRMULAS CIENTÍFICAS	LECTURA DE ESQUEMAS	USO DO DICCIONARIO	TRADUCCIÓN	LECTURAS OBRIGATORIAS	LECTURAS VOLUNTARIAS
	LECTURA EN VOZ ALTA	LECTURA SILENCIOSA	INFORMACIÓN DE INTERNET	XORNAIS E PRENSA	REVISTAS DE TEMÁTICA ESPECÍFICA											
BX	X	X	X	X		X	X	X	X		X	X	X	X		
FQ	X	X	X	X	X	X	X		X		X	X				X
MT	X	X	X			X		X	X		X	X	X			
XH	X	X	X	X		X		X				X				
LC	X	X	X	X		X	X	X				X	X	X	X	
LG	X	X	X	X		X	X	X				X	X	X	X	
ING	X	X				X	X						X	X	X	
FR	X	X	X			X	X	X	X			X	X	X	X	
MUS	X	X	X			X	X			X		X				
EPV	X		X			X	X	X			X	X	X			
TEC	X	X	X			X	X	X	X		X	X		X		
REL	X	X	X	X												
EF	X		X	X	X			X				X				



**Anexo X. Normas de uso da biblioteca**







## BIBLIOTECA DO IES DE OROSO

### QUÉ SERVIZOS ME OFRECE A BIBLIOTECA?

- ❖ Ler, estudar, buscar información, consultar libros e revistas. É importante facelo sen molestar a ninguén e polo tanto hai que manter silencio.
- ❖ Levar prestados libros, CDs ou DVDs que poidan serche de utilidade ou que che interesen.
- ❖ Usar os ordenadores para facer os teus traballos ou buscar información en Internet.

### QUE COMPORTEAMENTO DEBO TER?

- ❖ Igual que no resto do instituto, temos que comportarnos dacordo coas NORMAS de CONVIVENCIA e tratar aos demais con respecto.
- ❖ A Biblioteca é un lugar para ler ou estudar: temos que facelo sen molestar a ninguén e manter **silencio**.
- ❖ Mentres estemos na biblioteca podemos consultar libros, xornais, revistas, CDs, DVDs, etc. E cando rematemos, debemos deixalo todo no seu lugar:
  - Os libros, CDs e DVDs na zona de xestión, é dicir, na mesa do profesor/a.
  - As revistas no revisteiro correspondente.
  - Os xornais ben colocados no lugar no que estaban.
  - E cando decidas marchar, lembra: deixa as caderas no seu lugar, as revistas e os xornais ben colocados, usa as papeleiras cando teñas que tirar algo, non pintes nas mesas..e se queres merendar, busca outro lugar máis apropiado.

### CÓMO FUNCIONAN OS PRÉSTAMOS?

- ❖ ***Só necesitas un número que che facilitará a profesora encargada da biblioteca.*** (Este curso prescindimos do carné).
- ❖ Para solicitar un préstamo, debemos dirixirnos ao profesor/a que estea na zona de xestión e indicarlle o título e o autor do libro que queremos levar.



- ❖ Os libros préstanse por 10 días que poden ser renovables por outros 10.
- ❖ Os libros de lectura obrigatoria tamén se prestarán por 10 días e só se poderán renovar se non hai lista de espera.
- ❖ Os CDs e DVDs só se prestan de venres a luns.
- ❖ Como é lóxico, deberás coidar o material e devolvelo en bo estado.
- ❖ Hai material que non se presta a domicilio e só pode ser consultado na sala: revistas, dicionarios, enciclopedias, atlas...
- ❖ É importante devolver os libros na data indicada.

#### **OMO PODEMOS UTILIZAR OS ORDENADORES?**

- ❖ Para poder utilizar un ordenador, deberemos apuntarnos nuha folla que estará exposta con esa finalidade, cumprimentando todos os seus apartados (para evitar que sexan sempre usados polas mesmas persoas e darlle preferencia aos usuarios que os necesiten para realizar traballos ou buscar información)
- ❖ Só poderá haber dúas persoas por ordenador, sen facer ruido.
- ❖ Podemos empregar os ordenadores para: facer os nosos traballos, consultar ou buscar información na Rede, ver o teu correo electrónico, xogar a xogos educativos...Pero nunca para: chatear, enviar spam, facer intercambios en redes P2P, acceder a xogos de rol ou de temática violenta, xenófoba ou con contido para adultos.

A presente Programación Xeral Anual do IES de Oroso para o curso 2023/2024 foi avaliada e aprobada polo Claustro de Profesorado o día 6 de Setembro nas seccións da súa competencia, e polo Consello Escolar o 4 de Outubro de 2023.

Para que conste aos efectos oportunos,



Jorge Otero Fraga  
Director do IES de Oroso